

**TRABALLO DE MATEMÁTICAS ACADÉMICAS PARA 4º ESO A+B**  
**SEMANA DO 15 DE XUÑO A 18 DE XUÑO DE 2020**

Ola a tod@s!! Que tal estades?

Chegamos ao final. Isto rematou. Este curso tan estraño, esperemos que único nos tempos. O curso no que todo o mundo descubriu o que significa “medrar de xeito exponencial”, no que desgraciadamente coñecemos estatísticas diarias demoledoras. Gráficas e máis gráficas que agachaban tras de si o sufrimento de miles de familias.

Perdemos tamén case medio curso de contacto persoal, tempo de coñecernos e interactuar máis. Quedastes sen graduación. E por suposto perdestes a ocasión de facer esa viaxe tan chula que estaba preparada.

Pero non todo vai ser malo. Este curso aprendestes a traballar sós, sen apenas axuda dos profesores, aumentando a vosa autonomía na aprendizaxe. Non tivestes que madrugar para ir a clase nin aguantarnos aos profes.

Quero felicitarvos e darvos as grazas á maioría de vós polo traballo tan meritorio que fixestes durante todo este período. escoitamos moitas queixas de profesores doutros centros sobre a cantidade de alumnos que literalmente “desapareceron” durante esta etapa. Sen embargo moitos de vós continuastes adiante, repasando ou avanzando materia para preparar novos contidos e traballando todas as semanas sen pausa.

Este profesor que saíu na prensa explícao moito mellor ca min e ademais da consellos moi interesantes:

[https://verne.elpais.com/verne/2020/06/08/articulo/1591621587\\_277677.html](https://verne.elpais.com/verne/2020/06/08/articulo/1591621587_277677.html)

Varios de vós comentastes que vos gustaría facer a reunión virtual de despedida. Proponho como data o mércores 17, ás 12h (por se alguén está aínda levantándose). De todas formas polo correo iremos concretando a hora e o día se ese non vos ven ben.

Nada máis. Coidádevos moito e espero vervos en persoa nalgún momento.

Bo verán e boas vacacións.

Vou mandar un traballo **voluntario**, por se alguén quere coñecer os conceptos básicos de Probabilidade. Son moi sinxelos. Non é necesario que mo mandedes, pero se queredes facelo tería que ser como moi tarde o **mércores á noite**, pois a avaliación é xa o venres.

Estes vídeos de Tutomate recollen o fundamental:

[https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1491483877/contido/u9\\_probabilidad.html](https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1491483877/contido/u9_probabilidad.html)

Esta páxina de Anaya Digital ten exercicios interactivos para que practiques:

[https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8440049/recursos\\_U13.html](https://www.edistribucion.es/anayaeducacion/8440049/recursos_U13.html)

Tamén ven no libro nas páxinas 252 a 261.

Podedes facer estes exercicios:

Páxina 255: 1

Páxina 257: 1 e 2

Páxina 258: 1 e 2

Páxina 259: 1 a 4

Páxina 261: 1 a 4 (e sen alguén se anima a algún máis difícil pode facer o 5)

Deixo tamén o enlace a unha páxina moi interesante con gráficas do Covid en España e no mundo: [https://elpais.com/sociedad/2020/04/28/actualidad/1588071474\\_165592.html](https://elpais.com/sociedad/2020/04/28/actualidad/1588071474_165592.html)

Aquí podedes ver como as gráficas exponenciais acabaron por “dobrarse” cando remitiu a pandemia. Veredes tamén como aparece unha escala lineal e outra logarítmica. En definitiva conceptos que estudamos de forma abstracta que agora podedes ver en exemplos que non poden estar máis de actualidade.